

O espellismo da utopía educativa¹.

Manuel Torres Cubeiro
IES Porto do Son
mtcubeiro@edu.xunta.es

"... os que non teñen fe son non-crentes só para os crentes (pero non para eles mesmos)"²

A miña tese neste artigo é simple: mesturar utopía e educación é un erro. É un erro corrente na educación, sexa esta relixiosa ou non. Este artigo desmonta ese erro, explica primeiro os seus fundamentos epistemolóxicos, para desmontar as súas bases nunha suposta filosofía práctica, eticamente ben intencionado. É urxente desprendernos da roupaxe utópica na educación, e educar xa sen utopías. Seguimos sendo sacerdotes-profesores dunha utopía xa morta, pode que agora sacerdotes da cidadanía e non do cristianismo, pero sacerdotes á fin e ó cabo. Lonxe do cinismo ou da ironía habitual no noso gremio, é hora de dicir basta. Educamos sen saber para que, educamos para unha sociedade que nin controlamos nin podemos entender, por iso, abandonar as firmes pedras da ética e a epistemoloxía tradicionais, nos fará comezar a educar para a incerteza e a complexidade.

Epistemoloxía dunha distinción errónea: Spencer-Brown e a educación.

No seu libro, *Laws of form* (1969), o matemático británico George Spencer-Brown (1923-) sinta as bases lóxicas dun cambio epistemolóxico revolucionario³. Detéñome brevemente en expoñer as claves da súa teoría, para sacar as súas consecuencias epistemolóxicas no tema que nos ocupa: a utopía como distinción⁴ base da educación.

Spencer-Brown estudia, de acordo co título da obra, as leis da forma. Unha forma é para el unha distinción na que se seleccionou (indicou) un dos seus dous lados. Trátase dun concepto abstracto, técnico e para aclaralo só podemos proceder por analoxía. Repetimos a definición: unha forma é a indicación dun dos dous lados dunha distinción. Distinguir é establecer unha diferenza entre dúas partes, como ao trazar unha liña na area, ao facelo, dividín o mundo en dous. Pero unha forma é tamén a selección (indicación) dun dos dous lados. Como ao trazar un círculo sobre a area, entón o noso ollo automaticamente só ve o lado pechado, esquecendo o resto do mundo. Iso é exactamente a forma, a operación de só ver o círculo ao trazar unha diferenza e seleccionar un dos dous lados.

Poñamos un exemplo próximo á docencia. Comezamos o curso e temos un grupo problemático do que todo o profesorado fala: "non hai quen os ature", "son malísimos". Estas afirmacións utilizan unha distinción, e unha forma no sentido de Spencer-Brown.

Alum
nos
malos

Alum
nos
bos

Dividimos o universo dos alumnos cunha liña imaxinaria, establecendo unha distinción entre dous grupos: trazamos unha liña imaxinaria entre os bos e os malos. Seleccionamos os bos como desexables e comparamos ao noso grupo malo con este outro lado da nosa distinción. Trazamos unha liña e colocámonos nun dos seus lados; a nosa observación é dende ese

Alum
nos
malos




lado.

Spencer-Brown define a forma como esa indicación dun lado dunha distinción que nos permite observar. Indicamos o lado dos bos alumnos para poder falar dos alumnos difíciles. O espacio marcado dende o que

observamos permítenos entender as afirmacións dos nosos compañeiros. Como co círculo, deixamos de ver todas as outras posibles distincións que poderíamos trazar sobre a area e só vemos xa o círculo.

Poñamos un exemplo aínda máis sinxelo. Estamos ao volante, temos présa e o coche de diante, un todo terreo, non arranca aínda que o semáforo esta xa en verde. Sen identificar ó conductor dicimos: "É unha muller". Dividimos o mundo en dous en función dunha diferenza de xénero, e no universo dos condutores identificamos uns como bos e outros en función da diferenza previa de xénero. E facémolo sen decatarnos. As formas funcionan así, podemos observar o mundo, dividilo en dous, e xerar a nosa afirmación.




Spencer-Brown entende que unha vez trazada a distinción e seleccionado un lado, esquecese a operación efectuada. Denomina punto cego a esa distinción que xera a forma e permite a observación. Aplicado ao noso órgano de visión, o ollo non

pode ver a súa propia retina onde se constrúe a imaxe que observa. Unha vez establecida unha distinción e a súa forma, a forma desenvólvese seguindo unha leis estudias no cálculo de Spencer-Brown, que aquí non seguiremos por motivos de brevidade.

¿Que consecuencias ten este cálculo a nivel epistemolóxico? As derivacións son radicais: non é posible observar o mundo sen unha distinción, que é por definición inobservable. Non se trata nada máis que dun relativismo radical, sen nostalxias metafísicas e utópicas. A consecuencia radical é que é necesario abandonar toda ontoloxía e entrar na socioloxía.

Necesitamos outro observador que observe a nosa distinción para indicárnola. O sociólogo alemán Niklas Luhmann⁵ entendeu perfectamente as implicacións desta teoría a nivel sociolóxico. É sinxelo, só cando outro observador diferente de mi obsérvame



observando, podo eu comprender a observación. É dicir, con Aristóteles, o home é un animal social porque non pode comprenderse sen outro ser humano observándoo. Calquera observación é unha construción, da que nos esquecemos. A sociedade constrúese sobre observacións de observacións, en situacións cada vez máis complexas ao evolucionar a sociedade.

Imaxe tomada de: PINTOS, Juan Luis. **Comunicación, construcción de la realidad y imaginarios sociales.** UPL, abr. 2005, vol.10, no.29, p.80-85. ISSN 1315-5216.

Dado que vivimos nunha sociedade complexa, e a educación se dá nesa complexidade, para poder sacar as consecuencias desta teoría da forma para o

noso tema debemos deternos na socioloxía da complexidade proposta por Luhmann.

Sociedade complexa e educación: N. Luhmann.

Unha sociedade⁶ é complexa cando non é posible observala na súa totalidade, cando os seus elementos son tantos e tan cambiantes que é imposible describilos. É dicir, cando as descricións da sociedade non a poden abranguer no seu conxunto. A nosa sociedade contemporánea é complexa neste sentido: é imposible describila nin observala. Está articulada en sistemas e organizacións que cumpren funcións no seu interior, pero dada a súa complexidade é inverosímil e inxenua calquera representación.

Complexidade significa que un dos elementos, por exemplo o sistema educativo, non pode estar en relación con tódolos restantes elementos da sociedade e observarlos. Unha sociedade é complexa cando é imposible ter unha imaxe clara, interna da propia sociedade. Dicir que unha sociedade é moderna ou postindustrial non describe a complexidade desa sociedade nin ofrece a súa imaxe. Ese tipo de descricións (como postmoderna, civilizada, culta, etc.) son autodescricións só parciais da complexidade

social. Cando unha sociedade acada un número alto de elementos non pode controlar xa as relacións que se establecen entre eles. Unha sociedade é complexa porque sempre existen máis posibilidades que a seleccionada en cada caso. Vexamos as consecuencias para o noso tema.

O sistema educativo⁷ diferénciase da familia na evolución social cando esta, na crecente complexidade, xa non puido preparar os seus membros coa socialización para todas as competencias necesarias na sociedade. Os sistemas educativos nacen nas diferentes sociedades ao facerse estas máis complexas, e a comunicación no interior da Familia, a Banda, o Clan, a Liñaxe, a Casa, a Casta ou as diferentes organizacións sociais non era xa suficiente para capacitalos seus membros no mantemento da sociedade. Sería difícil que a nosa nai nos ensine informática, inglés, a facer pan, habilidades sociais, como extirpar unha vesícula, a facernos a cama, a xogar e ao mesmo tempo sobre como construír unha ponte de formigón. Nace así a figura do mestre, a escola, as universidades e todas as organizacións sociais especializadas en facer máis probable a subsistencia da propia sociedade.

O labor do sistema educativo é pois un auténtico paradoxo, debe mantela sociedade social coa educación impartida, para un futuro que, por definición, descoñece. E aquí nace a función da utopía. O docente debe polo tanto conseguir o imposible: formalos seus alumnos para o que ambos os dous descoñecen. É como correr nunha fita sen fin, un paradoxo sen solución. Un paradoxo para a que a sociedade lle outorga como veremos unha roupaxe inútil: a utopía.

A socialización sucede polo simple feito de participar na sociedade, mentres que a educación require unha *intención expresa*. Esta intención expresa é a clave da diferencia sobre a que se construíron os sistemas educativos na utopía.

Os sistemas educativos nacen para preparamos individuos na complexidade crecente das sociedades. Pero o futuro é sempre incerto, non se coñece, só se ve ou prevé en función de expectativas. Expectativas que son por suposto sociais, baseadas en formas e distincións construídas socialmente. Como se "vexa" o futuro da sociedade determinará as competencias educativas nas que inverter no sistema educativo. Se o futuro só pode ser cristián, pois a salvación eterna depende diso, o currículo educativo será diferente a un futuro previsto de guerra santa pola democracia. Se o mundo futuro estará dominado polo imperio Norte Americano e os ordenadores, o sistema educativo debe ensinar inglés e informática como ferramentas básicas. O cal non implica, para a sociedade ningunha valoración ética.

Neste artigo denominamos utopía, sen ningunha das connotacións positivas habituais, a esa "pre visión" sobre a que as sociedades constrúen os seus sistemas educativos. O labor docente está por definición vendida a esa utopía que o docente non pode controlar: debe educar en función das previsións utópicas do sistema educativo e vivir ese paradoxo. Os Estados, os Mercados, as Igrexas ou os Príncipes describen como debe ser o futuro, como será, e toman decisións acerca dos saberes nos que educar os futuros "cidadáns".

O problema fundamental da utopía é que é un engano. Dada a inexistencia de calquera realidade sobrenatural, as sociedades constrúen utopías para tranquilizalas conciencias e impedir que os seus membros vivan a incerteza de non saber as respostas. As utopías describen como debe de ser a sociedade, non falan de como a sociedade é, non fan socioloxía, constrúen a sociedade desexada ou eticamente correcta. As utopías falan a linguaxe da moral para defínilo correcto.

Non máis prescricións ou nostalxias éticas: adeus á escola de Frankfurt.

Tras 30 anos de publicacións e docencia, pouco antes de morrer, Luhmann publica en 1997 a súa obra cumio *La sociedad de la sociedad* (2007). Luhmann entende que a

socioloxía ten que describir a sociedade global única actual e abandonalas autodescricións que as sociedades anteriores foran xerando. É dicir, a sociedade actual autodescribíuse como "post - industrial" ou "post - moderna" do mesmo xeito que os conceptos de "civilización" ou "cultura" serviron para describirla sociedade da instauración do capitalismo trala Ilustración. En todos estes casos, Luhmann entende que estas autodescricións da sociedade non son socioloxía, pois a mesma descrición é parte da comunicación⁸ social. Cada autodescrición é parte do proceso de creación e reprodución social. Dende Aristóteles ata a teoría de Frankfurt, a perspectiva adoptada pola socioloxía foi segundo Luhmann ontolóxica; estivo centrada nunha metafísica e nunha moral que carecen de fundamento científico para a descrición dun acontecemento que é hoxe único: a sociedade complexa moderna. Dende a perspectiva dá tradición ontolóxica esta sociedade non se pode entender.

Simplificando un pouco o pensamento de Habermas, na súa obra *Teoría de la acción comunicativa* (1981)⁹, Habermas propón que a única solución ante a perversa razón instrumental da Ilustración é o diálogo, é unha acción comunicativa. A sociedade, di, constrúese nunha acción comunicativa; aínda que o que máis ben esta a dicir Habermas é que se *debería* construírse nunha acción que adxectiva de comunicativa. Habermas usa unha distinción ética: a sociedade actual non o boa, e DEBE ser corrixida. Trátase dunha loable esixencia ético-democrática, pois segundo a súa teoría toda formulación racional con propostas de racionalización social debe incluír un elemento de, digamos, control: o diálogo. O problema é que esta descrición da sociedade é inxenua, dada a complexidade da sociedade actual. Prescribir valores éticos ou morais para "arranxar" unha sociedade como a complexa actual é inxenuo, loable tal vez, pero cheo de soberbia e ignorancia.

¿Que implica isto no noso tema? A educación baséase en varias distincións. A primeira entre os educadores e os educandos. Unha segunda distinción é sempre no considerado como correcto e desexable para o futuro, e o incorrecto e indesexable para o futuro da sociedade. Como víamos, as distincións esquecen a diferenza sobre a que se constrúen, sendo este o punto cego dende o que se constrúe o labor na aula.

Por unha educación atea e sen utopías.

Fun educado nunha utopía relixiosa perversa: o catolicismo. Educáronme coa conciencia da miña maldade intrínseca, así que cando a miña nenez inqueda rompía as normas evanxelizadoras e utópicas, era imposible queixarse: eu era malo e debía aceptar esa distinción sen nomeala. Sendo un neno polo tanto odiaba a escola. Nada excepcional. A maior parte dos meus alumnos expresan cada día ese mesmo sentir. O excepcional era que tiña boas razóns para odiala: maltratábanme. Os meus mestres na antiga Educación Xeral Básica castigáronme moitas veces. Era inqueda, non paraba nin un minuto sentado, era difícil de manter atento en clase. Pasei moitas horas ao final da aula, entre os abrigos, castigado, mirando á parede; ou só, no corredor. Sinceramente, os meus mestres non se equivocaron. Pero este castigo nunca constituíu o maltrato do que falo. Noutras ocasións o castigo era peor: capóns, labazadas e tiróns de orellas ou meixelas. Estes correctivos si constituíron maltrato. Fórono, non polos golpes físicos, senón polo que eses golpes levaban asociado: a "educación da miña natureza maligna".

O cura-profesor, e non todos eran sacerdotes católicos, encargábase de inculcarme mala conciencia: portábame mal porque era malo, e era malo porque non me portaba como deus, esa entidade inexistente, ordenaba. Así que, cando facía algo malo, e me castigaban fisicamente no colexio, chegaba á casa e non podía contar nada aos meus pais. Se o contaba, arriscábame a recibir un castigo máis, agora na casa. No colexio Educáranme na miña maldade intrínseca, e debía ocultala aos ollos dos meus pais. Ese maltrato baseábase nunha distinción, e é esta a que constituía o maltrato.

No seu libro, *The God Delusion*¹⁰, Richard Dawkins comeza narrado unha experiencia similar. A súa muller foi educada nunha escola relixiosa, e cando lle contou os seus pais, xa con vinte anos, os seus malos recordos daquela escola, os seus pais preguntárono, como fixo a miña propia nai: "¿Como non nolo contaches?". Ela contestou cunha afirmación que fago aquí miña: "Pero, eu non sabía que podía". A educación relixiosa adoutrinounos sobre a nosa maldade inherente, impedíndonos cuestionala. O mecanismo é simple: distínguese entre o bo e o mal camiño, sitúase o alumno no malo, edúcaselle para reprimir calquera alusión á súa maldade e a relixión domina, a utopía domina.

Do mesmo xeito que coa utopía relixiosa, hoxe en día coa utopía pedagóxica crítica, nos ensinan a non cuestionar a distinción sobre a que se debuxa o futuro e se decide sobre a educación. A ética ou o deus correspondente, serve como distincións para auto describir a complexidade actual. O cal é absurdo, inxenuo e dunha ignorancia moi pouco filosófica, moi pouco socrática.

Se que esta tese será mal interpretada, especialmente neste foro, e en xeral entre o profesorado, onde as teses da escola de Frankfurt funcionan como dogma incuestionable, facendo do noso labor docente un labor evanxelizadora.

A modo de conclusión.

Temos a impresión de que o matrimonio (legal ou a unión libre) é nas "sociedades avanzadas" froito da elección libre baseada no amor, pero a socioloxía demostrou que esta crenza é unha constructo social¹¹ que non se corresponde coa complexidade. A familia que vostede lector ten na cabeza non é a familia desta sociedade. A nosa sociedade é demasiado complexa. ¿Por que esta crenza entón?

Esta intuición ou impresión sobre o matrimonio cumpre unha función social, pero non é ela mesma un feito. Do mesmo xeito as nosas ideas sobre a educación baséanse no que a sociedade ve como desexable para o futuro. A sociedade funda o modelo educativo cunha construción interesada, utópica, dos seus intereses presentes. Do mesmo xeito que non nos casamos por amor, aínda que socialmente ensínennos a crer que si, non educamos para un futuro mellor, ético e igualitario. Educamos para unha sociedade que non coñecemos nin podemos coñecer. E vai sendo hora de abandonar dunha vez por todas a utopía, o amor, e dende logo, todas as formas de relixión que levan consigo. A ver se dunha vez deixamos de lado as educacións relixiosas ou tolerantes, e falamos dunha educación atea e na incerteza, intolerante dos enganos persistentes (spellismos) da utopía.

¹O título é unha homenaxe á obra de R. Dawkins 2007 *El espejismo de dios*, Madrid: Espasa Calpe

²Niklas Luhmann 2007 (1997), *La sociedad de la sociedad*, Editorial Iberoamericana: México, p. 784.

³A razón da escasa difusión desta obra atópase na dificultade conceptual que encerra, e nas consecuencias radicais da súa formulación. Non existe ademais traducción castelá e a edición, nunca esgotada e sempre conseguible, é cara.

⁴As palabras subliñadas teñen un significado técnico, específico na proposta epistemolóxica de Spencer-Brown, ou máis adiante na socioloxía da complexidade de N. Luhmann. É importante que o lector conserve a incerteza sobre o seu significado. Ou, no mellor dos casos, non as entenda no seu significado normal.

⁵Niklas Luhmann constrúe unha socioloxía onde, por fin, se inclúe esta formulación epistemolóxica xa presente dende principios do século XX na física. Pode consultarse unha introducción ao pensamento deste autor alemán en: Manuel Torres Cubeiro, 2008: *Niklas Luhmann*, A Coruña: Bahía Edicións (en prensa).

⁶Luhmann entende que as sociedades non están constituídas por homes, senón por comunicacións. O concepto de comunicación que usa non é o da lingüística, senón un bastante máis completo, baseándose na lóxica de Spencer-Brown. Véxase a introducción a Luhmann xa citada.

⁷ Vou seguir as indicacións da obra de Luhmann sen facer un uso expreso da súa terminoloxía técnica por motivos de claridade. Pódese consultar: Niklas Luhmann 1993 *El sistema educativo (problemas de reflexión)*, Iberoamericana, Universidade de Guadalajara: Guadalajara, México.

⁸ Luhmann define a sociedade como a suma das comunicacións. A sociedade constrúese na comunicación, non na acción ou interacción entre seres humanos. Véxase obra introductoria citada ou calquera da múltiples obra de Luhmann traducidas xa ao castelán.

⁹ Tomo a Habermas como referente da Teoría Crítica ou Escola de Frankfurt, e como representante dun bo intencionado progresismo de esquerdas con claras implicacións nas formulacións utópicas da educación. Aquí simplifico moito por brevidade e coa intención de ser polémico.

¹⁰ *El espejismo de dios* (2007), Madrid: Espasa Hoy.

¹¹ Véase neste sentido: M. Segalen 1992 (1981), *Antropología Histórica de la familia*. Taurus: Madrid